

Número de expediente:2018/SUBCC/000008

**RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN, IGUALDADE, XESTIÓN E PROGRAMACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS CULTURAIS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA POLA QUE SE ACORDA O NOMEAMENTO DO XURADO CUALIFICADOR DOS PREMIOS “ERNESTINA OTERO SESTELO”.**

Logo de examinar o expediente sinalado no asunto, son relevantes para a Resolución os seguintes:

**FEITOS:**

**Primeiro.-** Por providencia da Concelleira de Educación, Igualdade, Programación e Xestión das Infraestruturas Culturais de data 5 de xuño do 2018, incóase o procedemento administrativo relativo á convocatoria dos premios “Ernestina Otero Sestelo” para a incorporación da perspectiva de xénero nos centros educativos do Concello de Pontevedra.

Para elo, concederanse dous premios nas dúas categorías propostas e cunha dotación económica de 900€ e 500€ respectivamente, acadando un custo máximo de 2.800€.

**Segundo.-** Por Decreto da Concelleira Delegada da Área de Educación, Igualdade e Xestión das Infraestruturas Culturais de data 28 de xuño do 2018, apróbanse as bases da convocatoria, autorízase o gasto e dispónse a publicación das bases nos medios de publicidade establecidos ao efecto.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

**Primeiro.-** Considerando a Base 6ª das que rexen a convocatoria e na que se regula a composición e funcionamento do xurado cualificador, que debe estar composto por:

- Directora do CIM do Concello de Pontevedra ou persoa en que delegue.
- 5 representantes do Concello de Pontevedra.
- 5 representantes do ámbito educativo.

O xurado poderá contar con asesoramento e solicitar canta información complementaria considere oportuna antes da resolución.

O veredicto do xurado será inapelable e comunicarse sete días antes da entrega dos premios, dándolle a axeitada publicidade na páxina web do Concello <http://www.pontevedra.gal>

A entrega dos premios farase en acto público, debidamente anunciado.

**Segundo.-** O Decreto do Alcalde do Concello de Pontevedra de data 21 de abril do 2017 que delega na Concelleira da Área de Educación, Igualdade, Programación e Xestións das Infraestruturas Culturais inclúe a resolución dos actos administrativos no ámbito das súas competencias.

Atendendo ao anteriormente exposto, esta Concelleira delegada, no exercicio das súas atribucións, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Nomear ao seguinte Xurado cualificador dos premios “Ernestina Otero

Sestelo” para a convocatoria do ano 2018:

- Directora do CIM do Concello de Pontevedra: Rosa María Campos Briones.

- Representantes do Concello de Pontevedra:

\*María do Carme Fouces Díaz, Pilar Comesaña Hermida, Vanesa Estévez Baquero, María dos Anxos Riveiro Portela, María Carmen da Silva Méndez.

- Representantes do ámbito educativo:

\*Manuel Puga Pereira, Luisa Márquez Rodríguez, Ángeles Parrilla Latas, Manuel Morquecho Barral e M<sup>a</sup> Jesús Enguídanos Floreani.

**Segundo.-** Convocar ao xurado á reunión de deliberación e resolución dos premios que se celebrará o luns 24 de setembro de 2018, ás 19.00 horas, na Sala de Reunións sita na planta baixa do Edificio administrativo do Concello de Pontevedra (Rúa Michelena, 30, Pontevedra).

**Terceiro.-** Notificar ás persoas interesadas a presente Resolución.

Así o dispón e ordena a Concelleira Delegada da Área de Educación, Igualdade e Xestión das Infraestruturas Culturais, por delegación outorgada por Decreto do Alcalde de data 21 de abril do 2017, na data da sinatura electrónica, do que eu como Secretario da Administración Municipal, dou fe.